

A C T A N° 19/2011

**DA SESION EXTRAORDINARIA URXENTE
CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL**

- DIA 29 DE NOVEMBRO DE 2011 -

Marxe que se cita:

ASISTENTES

Presidente: -ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes :

ADELINA CES QUINTANS (BNG)
XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)
Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)
CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)
JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)
Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE)
ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)
Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)
JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)
Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)
JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE (PP)
ELISA BOUZAS VICENTE (PP)
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

Concelleiros ausentes:

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)
JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)
ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Interventora:

Mª Belén Rodríguez Tourón

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día e hora indicada na convocatoria, baixo a Presidencia do Sr.Alcalde, reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican, coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal, neste caso sesión Extraordinaria Urxente.

Desculpada a ausencia dos concelleiros que se indica e constatada a existencia de quórum suficiente para celebrar a sesión deste órgano, polo Sr. Presidente declárase aberta a sesión e procédese a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.-

2º.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (P.O.S.2012)

3º.- COMPROMISO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI.-

1º.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA .

O sr. Presidente pregunta aos/as sres/as.concelleiros/as sobor da ratificación da convocatoria deste pleno por urxencia, conforme ao exposto na propia convocatoria, en relación a estes asuntos para a solicitude da inclusión da proposta do concello no Plan provincial de obras e servizos de competencia municipal antes do 30/11/2011, así como adoptar o compromiso de colaboración coa Asociación solidariedade galega co pobo saharauí tamén antes de final de mes.

Sometida a votación a ratificación da urxencia, resulta:

Ratifícase a urxencia da orde do día do pleno por unanimidade dos membros presentes (6 do BNG, 3 do PSdG-PSOE e 5 do PP), isto é, 14 dos 17 que conforman o pleno municipal.-

2º.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (P.O.S.2012)

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<< PROPOSTA AO PLENO

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL A INTEGRAR NO POS 2012.-

A Deputación Provincial de Coruña remitiu a este concello escrito (con rexistro de entrada neste concello nº. 6161), no que figuran as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación de Obras e Servizos Municipales do ano 2012.

Os concellos poden adicar ata un 60% da cantidade que se lle asigna para o financiamento de gastos correntes. Así a proposta desagregase do seguinte xeito:

a) No tocante ao investimento en obras:

- Visto o proxecto técnico das obras, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, colexiado nº. 25684, por importe de 125.999,99 Euros, IVE incluído, que conta co estudo básico de seguridade e saúde (RXE nº 7416, do 28/11/2011)
- Incorporado informe do arquitecto técnico municipal sobre a dispoñibilidade dos terreos, autorización preceptivas e supervisión do proxecto, de data 28 de novembro de 2011.

b) No relativo Ao financiamento de gastos correntes:

- informe de intervención municipal de data 28 de novembro de 2011 conforme ao Anexo II.

Emitido informe por D. Adolfo F. Muíños Sánchez sobre a non solicitude nin percepción de achega algunha para os ditos fins.

Considerando que o Pleno é o órgano competente, de conformidade co artigo 22.2º g) da Lei de Bases de Réxime Local e o artigo 217.2º a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, fundamentalmente para solicitar á Excm. Deputación Provincial a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no Plan.

Esta Alcaldía, propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Aprobado o **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2012**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2012, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Presuposto
INSTALACIÓN REDE DE ABASTECIMENTO EN LEIRO, IÑOBRE, SENRA E CASTRIÑO	119.699,99€	6.300,00€	125.999,99
SUBTOTAL OBRAS	119.699,99€	6.300,00€	125.999,99 €

Aprobar o proxecto da obras incluída na anualidade 2012 e que se relaciona nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

Deputación

Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	133.618,65€
---	-------------

C) Resumo:

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS	119.699,99€	6.300,00€	125.999,99€
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	133.618,65€	-----	133.618,65€
TOTAL	253.318,64€	6.300,00€	259.618,64€

2. Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución da obra, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.
3. Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2012 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal da obra incluída na anualidade do 2012.
4. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución da obra incluída no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.
5. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100 % do seu importe.
6. Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesorería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
7. Facultar expresamente o Sr. Alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.>>

O Alcalde engade que se considerou repartir ao 50% o empregado para executar a obra e para financiar por outra banda os gastos correntes. A obra proxectada a que atende ás demandas mais urxentes trala avaliación das formuladas, e que unha vez sexa aprobada pola Deputación provincial se adxudicará polo procedemento que corresponda.

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE OBRAS, SERVICIOS, PROTECCIÓN CIVIL E MEDIO AMBIENTE do día 29/11/2011, sendo este favorable.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran, di que o grupo do PP vai votar a favor xa que logo é unha petición dos veciños, que eles mesmos a trouxeron ao Pleno. Tamén queren indicar a inexactitude na denominación do proxecto presentado, posto que menciona a parroquia de Leiro mais non é unha instalación o que se pretende hai. Por último engade que considera elevado o custo total do proxecto, e que debería revisarse.

O Alcalde pásalle a palabra ao concelleiro D. José Carlos Gey Hermo.

O voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, comenta a proposta e o seu fin, especificando que a rede de abastecemento é para as parroquias de Tagoña e certamente o de Leiro trátase da instalación dun sistema de depuración na estación existente, coa colocación de paneis solares (cuxa partida xa por sí soa ascende a 20.000€). Os lugares das parroquias nos que se van a acometer as obras determináronse con independencia de que “partido político” as propuxera. Os veciños falan co Alcalde e eles para solicitar estas obras e ilo reflíctese agora neste proxecto que completa a rede de abastecemento da que se dispón, dando en calquera caso resposta ás necesidades.

A voceira do grupo municipal BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, manifesta que o BNG vai apoiar a proposta posto que sempre estimaron imprescindible este tipo de servizos básicos. Son obras cun custo elevado que dificilmente pode minorarse, e as instalacións hai que facelas canto antes para ofrecer o servizo.

O Alcalde fai lembranza do acontecido neste ultimo verán no que a insuficiencia da rede de abastecemento e do sistema dos pozos fixo ver a inaprazable mellora das instalacións en beneficio da veciñanza.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor da totalidade dos 14 concelleiros presentes (os 6 do BNG, 3 do PSOE-PSdeG e os 5 membros do PP), 0 votos en contra, e 0 abstencións, dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta./

3º.- COMPROMISO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI.-

O Sr.Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<< PROPOSTA AO PLENO

ASUNTO: COMPROMISO DE COLABORACIÓN DO CONCELLO DE RIANXO COA ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGO CO POBO SAHARAUI

O Concello de Rianxo desexa colaborar coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai no desenvolvemento do Programa "Vacacións en Paz 2012" e proceder, no exercicio 2012, a sinatura do correspondente convenio previa a súa tramitación administrativa

PROPONSE:

Primeiro: Adquirir o compromiso de prever no orzamento do exercicio 2012 ou de ser necesario habilitar o crédito correspondente, que ascende á cantidade 1.780,00 €, coa finalidade de tramitar a subvención en favor da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai para o desenvolvemento do Programa "Vacacións en Paz 2012"

Segundo: Iniciar a tramitación administrativa do citado Convenio que regula os dereitos e obrigas das partes. Ao tratarse dunha tramitación anticipada de subvención quedará condicionada á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente no momento de resolución da concesión.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ASUNTOS SOCIAIS, PARTICIPACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS INTERNOS do día 24/11/2011, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

En primeiro lugar o Alcalde intervén para expoñer o por qué desta proposta: dar cobertura a unha parte das eivas existentes e afrontadas ata o de agora nun 10% polas familias rianxeiras que acollían os pequenos, facéndose cargo de todos os gastos incluídos os de transporte, e ás veces contactando con outros concellos para levar a cabo esta tarefa tan loable. Por ilo o Concello de Rianxo debe pór o seu gran de area e ser solidario coas familias prestando esta colaboración. A cantidade é de 1.780€, a cal verase cómo financiala dende o concello, mais cada vez os gastos son maiores para as familias e hai que buscar o xeito de facer algo.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran, di que están a favor da proposta.

O voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que sobran os motivos para apoiar a proposta sendo o punto mais importante o apartado 1º desta. Con isto

ofréceselle esta posibilidade aos cativos e as familias que os acollen. Para rematar comenta a gravidade da situación do pobo saharai degradante e casi inhumana desatendida polos pobos civilizados, incluída España, facendo a vista cega. Quere así deixar testemuño da situación, e solicitar que o pobo saharai poida vivir en dignidade.

A voceira do grupo municipal BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, parte do apoio á proposta. Moitos veciños xa a pediran porque os seus esforzos custan e engade que os lazos de historia con España esixen cando menos facer este tipo de achegas, e dentro das nosas posibilidades é un xeito de solidariedade co pobo saharai en forma de acollemento.

O Alcalde para rematar di que é motivo de satisfacción que o concello en Pleno amose acordo en temas como este e agradece o apoio de todos os grupos.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor da totalidade dos 14 concelleiros presentes (os 6 do BNG, 3 do PSOE-PSdeG e os 5 membros do PP), 0 votos en contra, e 0 abstencións, dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta./

Levántase a sesión ás 20:20 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde.

A Secretaria.

Adolfo Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo